

Dignísimas autoridades, Representantes dos diversos gremios de editores do Estado e das diversas entidades que conforman a familia do libro galego, estimados colegas editores, amigos e amigas.

É para a AGE unha honra poder celebrar esta noite da edición na cidade de Ourense, acollidos por unha institución tan significada no ámbito social e cultural como é este Liceo. Sabemos que o libro e a cultura ocupa un lugar destacado entre as múltiples actividades que esta institución organiza ao longo do ano. Á directiva do Liceo e ás persoas que o fan posible, e de forma expresa a Marcos Valcárcel, ese incansable mobilizador cultural, o embaixador das nosas Letras nesta casa, a todos, moitas grazas.

Un ano máis a familia do libro cumpre coa súa peregrinaxe festiva e achégase a Ourense en datas significadas, ao coincidir este mes de decembro co 30 aniversario do pasamento de Eduardo Blanco Amor e os 50 anos da publicación desa obra clave na nosa literatura que é a Esmorga. Queremos dalgún xeito ser partícipes desta celebración e facer público recoñecemento ao moito que as terras e os homes de Ourense aportaron a ese labor compartido que é a construción da cultura e a historia do país, que ten no libro e na edición un instrumento de expresión privilexiado.

Conosco permanecen hoxe a voz rebelde de Curros ou Celso Emilio, ese talante aberto, escrutador do propio e proxectado ao universal, dos homes de Nós, o aire renovador e comprometido de Blanco Amor, a angustiosa esperanza de Tovar, o feitizo e a capacidade de anovar de Casares, o esencialismo de Valente, e, en fin, a achega ricaz, plural que se mantén na obra dos autores ourensáns actuais: os Alfredo Conde, Ferrín, Bieito Iglesias, Caneiro, Fernández Naval, López Barxas e un longo etc. que hoxe nos acompañan.

Hai agora un ano a Asociación de editores homenaxeou aos seus fundadores; entre eles dous ourensáns ilustres, os colegas e amigos Bieito Ledo, primeiro Presidente da AGE, e Sotelo Blanco; ourensá foi a primeira muller que presidiu esta Asociación, Fabiola Sotelo, ourensáns son, en fin, os Presidentes do Pen club e a AELG que aglutinan a práctica totalidade de creadores e creadoras do panorama literario galego. A familia do libro e a edición é, pois, moito o que ten que agradecer ás xentes destas terras e á propia cidade. A sementeira foi fecunda e temos a certeza que os abondosos froitos se manterán no tempo.

É pois día de celebración gozosa, de satisfacción polo traballo ben feito. De compartir benturas e afectos, de apostar polo futuro sen permitir que esa nube negra, que é a crise, apague as nosas ilusións..A crise, esa pandemia colectiva que o libro non causou, afecta tamén de forma importante ao noso sector e nun momento crucial para o futuro da edición galega.

Demos un importante paso adiante co inicio do proceso de substitución do modelo de préstamo para o Libro escolar, decisión que agradecemos e que lonxe do interesado debate partidario, a sociedade galega entende e apoia.

A solidariedade que o goberno do Estado reclama aos cidadáns para xustificar o aumento dos Impostos responde exactamente á mesma filosofía que en Galicia se aplica para modificar o sistema de préstamo. Resulta difícil de entender que o criterio

redistributivo e de responsabilidade compartida en función da renda sexa válido ou non segundo os intereses políticos cambiantes dun partido.

Chamamos á reflexión ás voces que por intereses partidistas pretenden desvalorizar o cambio realizado.

Oxalá que a situación económica mellore e as axudas poidan estenderse a unha capa social máis ampla.

Sabemos que na axenda do señor Conselleiro de educación, por certo tamén ourensán ilustre, figura a mellora do modelo de xestión, de xeito que facilite o labor de centros e profesores na implantación do actual sistema. Esta mellora parece necesaria.

Camiñamos con paso firme cara á normalización plena e a profesionalización do sector pero necesitamos con urxencia que se disipen dúbidas e se nos facilite unha aposta decidida de cara ao futuro.

- Agardamos con inquietude o inminente Decreto sobre a lingua. Pedimos, esiximos que en temas esenciais, como é este, prevaleza o consenso; que se antepoñan os intereses do país aos excesos desmedidos dos períodos electorais e das loitas partidistas.

E permítasenos unha reflexión: A función pública, os gobernos están ao servizo dos cidadáns, da sociedade civil, que é a depositaria final do poder nas sociedades democráticas. Evítese a tentación de pensar que o proceso é o contrario. Despolíticese dunha vez por todas a acción educativa.

Moitas veces reclamamos un pacto pola educación que impedisese o permanente xogo de sables políticos en que se converteu a vida escolar. Os cambios constantes de leis e normas teñen extenuada á institución docente. Non se pode confundir a necesaria actualización e formación permanente co desacougo continuo por modificar, retirar, suprimir o que moitas veces aínda non chegou a poñerse plenamente en práctica.

Agardamos que no tema da lingua imperen os criterios educativos, os principios pedagóxicos, sobre os criterios políticos.

Existen órganos e instrumentos na institución escolar, que a lei vixente e as normas que a desenvolven contemplan, que necesariamente deben ser respectados: Proxecto educativo de centro, a Autonomía na organización pedagóxica, o Proxecto Lingüístico de centro... son documentos que deben ser, todos eles, aprobados polo Consello Escolar (do que forman parte profesores, pais e alumnos) e definitivamente supervisados e aprobados pola Inspección educativa. Estes órganos, e ningunha presión externa, sexa do signo que sexa, deberían ser garantía suficiente para evitar os excesos que nun sentido ou noutro se pudiesen producir.

Existen pois órganos e instrumentos no ámbito escolar con capacidade dabondo para garantir que impere a cordura na aplicación dun principio comúnmente aceptado: a competencia do alumnado nas dúas linguas.

Cabe recordar que o suposto trilingüismo leva xa máis dun lustro aplicándose, previa autorización da administración e cumprindo cos requisitos de existencia de profesorado competente e iso tanto na escola galega coma no resto do Estado. A competencia real na lingua estranxeira e unha demanda que vén de longo no ámbito escolar e actualmente unha necesidade inaprazable. Pero deben prevalecer criterios pedagóxicos sobre intencionalidades políticas ou propagandísticas.

Hai uns días o Señor Conselleiro de Cultura facía referencia ao peso que ten a literatura e a lingua propia na construción da identidade dun país, xa que, dicía, "configuran o modo de pensar e de mostrarse a Historia dun pobo e fan a ese pobo máis libre e máis dono de si, do seu pasado, do seu presente e do seu futuro".

Esta e diversas declaracións recentes anímannos a confiar en que o manifesto sentido común, o espírito de concordia, o irrefutable coñecemento do tema por parte do Secretario Xeral de Política Lingüística, o sentido de país e o amor polo noso máis singular elemento de identificación, amor que non podemos poñer en dúbida en quen nos gobernan, permitirán que o novo decreto se convirta nun instrumento de concordia, de unión e conseguirá crear o clima adecuado para que a sociedade galega esqueza un debate absurdo e artificioso, a escola desempeñe o seu labor sen sobresaltos e o mundo da edición poida seguir desenvolvendo a súa función con garantías de futuro. Non esqueza ninguén que a lingua é o pensamento son a nosa ferramenta privilexiada. Nesta busca de concordia, no traballo de xeración dun clima social de convivencia serena, de desactivación do falso debate que pr3econiza que a defensa dunha lingua implica a oposición a outra, contan desde sempre e incondicionalmente connosco.

A lingua e, certamente, un instrumento esencial para a industria cultural galega, un elemento de riqueza a nivel identitario pero tamén a nivel económico. É un escudo de defensa que permite a nosa subsistencia como país. É ademais un eficaz instrumento, xerador de riqueza, no actual contexto de globalización económica e cultural. Cómpre lembrar que as industrias culturais, aportan xa o 2% do PIB da nosa comunidade.

Recibimos con sorpresa a noticia do acordo entre a Xunta e o goberno central para a aplicación inmediata da chamada escola 2.0.

O Simposio do libro do pasado mes de novembro estivo adicado ao tema da edición dixital e tamén as Xornadas técnicas que o seguiron. Vímonos sorprendidos pola cantidade de solicitudes de participación, que practicamente duplicou as prazas disponibles.

Tras coñecer, analizar, debater e recibir información exhaustiva sobre o estado da cuestión neste ámbito tanto a nivel estatal coma no exterior, o sector galego do libro afronta racionalmente e con confianza o reto de innovación que implica a edición dixital. Estamos decididos a intensificar a formación e a busca dos instrumentos necesarios que premitan a incorporación do sector do libro galego ás novas necesidades. Esta é a conclusión clara á que chegamos tralas Xornadas. Pero somos conscientes que se require o tempo necesario para que as transformacións sexan factibles e non se convirtn nunha simple fuxida cara a adiante á busca dun fracaso asegurado.

Existen experiencias no exterior, estudos técnicos, que aconsellan unha profunda reflexión antes de xeralizar a posta en marcha dun plan tan ambicioso.

O sector editorial tende a súa man tamén neste punto.

A aceleración deste cambio na escola está nestes momentos promovida e urxida desde o ámbito tecnolóxico. Temos o convencemento de que sen un longo periodo de formación do profesorado, sen unha implantación secuenciada, non xeralizada, sen unha avaliación das necesidades de infraestrutura necesaria, e sen a existencia dunha adecuada oferta de contidos curriculares a experiencia pode converterse nunca nova decepción para a comunidade educativa.

A clave do éxito non está na “cacharrada”; a clave está na capacidade de utilizar os cacharros e de dotalos de medios eficaces para o desenvolvemento da aprendizaxe.

Só unha reflexión. Non existe polo momento un discurso pedagóxico capaz de integrar a necesaria metodoloxía de aprendizaxe baixo o novo soporte dixital. Este é o gran reto de futuro tamén para o mundo editorial. Temos ricas e eficaces actividade de apoio ao

ensino pero está por deseñar unha metodoloxía didáctica eficaz baseada en exclusiva no soporte dixital

Estase a confundir o activismo lúdico co traballo de asimilación progresiva e secuenciada de contidos curriculares que esixen un desenvolvemento diversificado para cada idade, con calculada e progresiva ampliación dos mesmos e sobre todo adecuadamente avaliábeles.

A lei do libro e a lectura, xestada baixo o mandato de PP e posteriormente aprobada por unanimidade estando xa no goberno o bipartito, entre outros puntos, reconece ao do libro como un sector estratéxico, coa consideración de industria cultural.

Son dous temas clave que seguimos á espera de que definitivamente se desenvolvan. Necesitamos os apoios imprescindibles para aceptar os retos actuais que a nova situación reclama. Necesitamos do compromiso transversal do goberno co sector do libro e as industrias culturais.

O libro non depende xa unicamente do ámbito educativo ou cultural. Está inmerso nun proceso de renovación no que a Industria e a Innovación forman parte imprescindible da súa aposta de futuro no ámbito da creación, da lectura e da difusión. E nesta tarefa urxente estamos seguros de contar co apoio e a complicidade dos Conselleiros que hoxe amablemente nos acompañan. Coa súa comprensión e axuda estarán vostedes contribuíndo a inserir de vez a Galicia na sociedade do coñecemento, na sociedade do século XXI, a asegurar a permanencia do libro galego e a mellorar o futuro do país. Por adiantado o noso agradecemento.

Grazas tamén pola cálida acollida e a axuda que nos dispensaron as diversas institucións : Concello, Deputación e os diversos patrocinadores. Grazas ás persoas, que co seu traballo e esforzo, fixeron posible este acto e moi especialmente aos editores ourensáns, e ao colectivo Literauria que levaron o peso fundamental da organización do mesmo. E ao Xurado dos Premios que pacientemente asumiu unha tarefa sempre difícil emáis na presente o casión pola cantidade de obras manexadas e o pouco tempo que lles concedemos.

Parabéns para todos e o testemuño público do noso máis sincero agradecemento.

Felicidades a todos os premiados: editores, autores, e entidades. Parabéns para a familia de NovaGalicia, a editorial homenaxeada. Amigo Carlos que o éxito che siga sorrindo, que dentro doutros 25 poidamos celebralo.

O noso recoñecemento á Empresa R pola súa clara opción desde sempre polo uso lingua galega no ámbito da comunicación. Están vostedes contribuíndo de forma eficaz á normalización cultural da sociedade galega. E así queremos deixar pública constancia.

Moitas grazas a todos pola súa presenza. Feliz convivencia. Bo Nadal. Venturoso ano do Libro e a lectura.